

Palabras para encher ilusións

Guía de lectura





“O tempo para ler, igual que o tempo para amar, agranda o tempo de vivir”.

Daniel Pennac

Esta guía foi realizada polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * **Biblioteca Central Rialeda. Perillo**
- * **Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro”. Santa Cruz**
- * **Biblioteca Pública Municipal “Manuel María”. Oleiros**
- * **Biblioteca Pública Municipal “M^a José Trincado”. Mera**
- * **Biblioteca Pública Municipal “M^a José Ruso”. Dorneda**
- * **Biblioteca Pública Municipal “Ánxel Fole”. Nós**
- * **Biblioteca Pública Municipal “Xograr Mendiño”. Lorbé**
- * **Biblioteca Pública Municipal “Federico García Lorca”. Montrove**

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Telf.: 981 639 511
Fax: 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 3964-2010

Desde as Bibliotecas Municipais de Oleiros ofrecemos esta guía de lectura, formada por 267 recomendacións, cun dobre obxectivo: presentar obras de calidade literaria, artística ou científica para animar a súa lectura, audición ou visionado e lembrar que un libro, un cd, ou un dvd son tamén un bo agasallo.

Esta escolla foi realizada polo persoal das bibliotecas e nela poderán atopar publicacións moi diversas. Trátase dunha selección de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Boas historias e bos libros para ler, observar ou mirar, películas ou discos para gozar e compartir. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

Todos os anos editamos dúas guías: unha ao comezo do verán e outra polo Nadal. As obras recomendadas nas anteriores procuramos que non volvan figurar para que non se repitan e así aportar novidades ou obras clásicas que non seleccionáramos.

A clasificación dos fondos que aquí presentamos é:

Obras infantís e xuvenís:

- Poesía e teatro
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- DVDs e CD-Rom
- Libros para nenas e nenos menores de 6 anos
- Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos
- Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos
- Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos

- Libros para adolescentes de 12 a 14 anos
- Libros para maiores de 14 anos

Obras para mozas/os e adultas/os:

- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVDs
- CDs audio

Desexamos que todas as lectoras e lectores poidan atopar algunha que lles guste.

Poesía e teatro infantil e xuvenil



7 llaves de cuento

Antonio Rubio. Ilustracións de Violeta Lopiz. Kalandraka.

Colección de contos rimados, líricos e lúdicos que axudan ao neno a organizar o pensamento e a exercitar a memoria.



Las aventuras de Max y su ojo submarino

Luigi Amara. Ilustracións de Jonathan Farr. Fondo de Cultura Económica

Cómicas rimas para a emocionante historia do ollo de Max, que ten vida propia e proporciona interesantes experiencias ao seu dono.

Bolboretas no papel

Antonio García Teijeiro. Ilustracións de Fino Lorenzo. Tambre

A nena colleu un libro con ás do andel.

Abriuno, e moitas, moitas bolboretas

saíron voando e pousáronse no papel.

Algunhas delas son as bolboretas destes poemas.



Do A ao Z con... Pondal

Xoán Babarro. Ilustrado por Suso Cubeiro. Everest

Pequena escolma de poemas de Pondal dirixida aos rapaces.



Domingo de pipiripingo


María Jesús Jabato. Ilustracións de Laura Esteban Ferreiro. Hiperión

A través dos versos cóntanos a historia dun neto e a súa avoa con Alzheimer, das tardes divertidas que pasan os dous inventando palabras.

Esperta, Principiño!

Carlos Labraña. Émbora

Obra teatral dirixida á rapazada. Onde a trama central xira en torno a un segredo



Hermosa soledad


Jimmy Liao. Barbara Fiori

O autor recrea coas súas ilustracións e poemas un mundo en soidade, o mundo da enfermidade, cheo de imaxinación case surrealista, pero na crueza sempre hai esperanza, a fermosura da soidade.

Makinaria

Carlos Negro. Xerais

Poemario imprescindible para os mozos e mozas, con linguaxe e mensaxe directas sobre a inconsciencia dun binomio (ás veces, sempre son demasiadas), mortal: mocidade e velocidade.



Pingueiras e tarteiras

Teresa González Costa. Xerais

Os integrantes do Circo do Paraugas protagonizan esta obra gañadora do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

Piratas polo Miño

Xosé Miranda. Tambre

Poemas cheos de aventuras e diversión para os que soñan con atopar un tesouro.

Selección poética.

Miguel de Unamuno. Fatoría K de Libros.

Amosa trece poemas do “Cancionero” dun autor que sempre sentiu devoción polos cantos infantís, transmitidos sen intervención dos maiores. Unha edición moi coidada.



Sopa de xarope de amora

Xosé A. Neira Cruz. Xerais

Comedia distinguida co premio Manuel María 2009 onde se narran as andainas do doutor Amorodo, un científico que traballa para as casas reais e ao que lle fan encargos como casar princesas...



El tamaño de los sueños

Karmelo C. Iribarren. Ilustracións de Galardo. Anaya

Poeta de vocabulario urbano, popular, sinxelo, de efecto inmediato que fala do amor e o desamor.





O can de paleiro

Pepe Carreiro. A Nosa Terra.

Textos sinxelos que amosan as características de animais autóctonos galegos en perigo de extinción.

Una cocina tan grande como un huerto: 60 recetas para descubrir frutas y hortalizas de todo el mundo

Alain Serres. Ilustracións de Martin Jarrie. Kókinos

Primeiros, segundos e sobremesas para saborear comidas ricas de todo o mundo. Receitas paso a paso ás que non te poderás resistir.



¿Comida basura?: no, gracias

Kate Knighton. Ilustracións de Adam Larkum. Usborne

Comer san é doado. A boa alimentación, xunto ao exercicio físico, entre outros hábitos, é fundamental para ter unha vida saudable. Este libro aporta as claves para dicir non á comida lixo.

Guernica

Heliane Bernard. Ilustracións de Olivier Charpentier. Kalandraka

Un álbum ilustrado sobre a guerra e as súas consecuencias feito de imaxes que amosan os episodios que deron lugar a coñecida obra de Pablo Picasso.

Joven para siempre (Forever young)

Bob Dylan .Ilustracións de . Paul Rogers.
Blume

Rogers ilustra a canción de Dylan Forever Young, magnificamente traducida por Jordi Cabré. Un álbum excelente para nenos e adultos.



El libro de las tierras imaginadas

Guillaume Duprat. Oniro

Espléndido libro que conta as diferentes visións que as culturas, relixións ou a ciencia tiveron sobre a forma do noso planeta. É fascinante ler como a humanidade imaxinou a Terra.

El libro de los libros: cómo se hace un libro

Sophie Benini Pietromarchi. Thule

Se queres saber ou facer o teu propio libro, terás que lelo moi atentamente, aquí véñenche toda as claves para que a túa creación sexa impresionante.

O Banco do Libro premiouno no apartado de acerto editorial no ano 2009.



La máquina humana: manual de instrucciones

Richard Walker. SM

O corpo humano funciona como unha máquina perfecta que hai que pór a punto. O funcionamento de cada "peza" e o seu mantemento están perfectamente explicados neste libro, con datos curiosos e ligazóns web.



As marcas dos animais

Geneviève De Becker. Ilustracións de Graziella Antonini - Milan Illustrations Agency. Baía

Sabías que a vieira ten máis de 100 ollos e que o lobo pode percorrer unha distancia de 200 Km. sen cansarse?



A miña enciclopedia dos animais

Stéphanie Ledu. SM Xerme

Cunha gran cantidade de fotos e unha información concisa destinada a nenas e nenos pequenos, atopamos neste libro máis de 150 animais.

Niños, ¡a la cocina!

Esmeralda Berbel. Ilustracións de África Fanlo. Alba

Recetas de cociña nas que poden colaborar os máis pequenos da casa.



Pregunta á Dra. Peteiro sobre os dinosauros

Claire Llewellyn. Ilustracións de Kate Sheppard. Baía

Libro de divulgación para nenas e nenos sobre o mundo dos dinosauros. Ilustrado con debuxos humorísticos e textos comprensíbeis para todas as idades. Axeitado para un primeiro achegamento sobre a materia.

El racismo

Adrian Cooper. Morata

Explica de xeito sinxelo o fenómeno do racismo, tanto historicamente como nas sociedades contemporáneas. A realidade actual, inestable e complexa, aporta cambios moi interesantes á vez que resucita fantasmas que parecían esquecidos.



Récords de animales

Vario sautores. Ilustracións de Juan González Xarrié. Susaeta

En cada unha das follas deste libro poderás ler as rarezas, anécdotas, curiosidades e ata récords dalgúns animais, que son moitas veces máis impresionantes que as doutros seres, é dicir, nós.

Vidas de Galileo. Viaxe pola historia da Astronomía

Salva Bará. Universidade de Santiago de Compostela

Un percorrido didáctico pola astronomía, explicado con humor e cunhas magníficas ilustracións.





**La enciclopedia Marvel:
la guía definitiva de los personajes del
universo Marvel**

José Luis López Angón, trad. Pearson/
Alhambra

Completa guía para que coñezas os personaxes e superheroes que forman parte do famoso universo Marvel.



Li: la sonrisa del mono

J. Busquet, Pol. Planeta DeAgostini

Li é unha nena especial, nunha familia nada convencional: os seus pais son uns aventureiros que se gañan a vida capturando monstros, recuperando tesouros, cazando demos....

El médico a palos

Guión e debuxos: Enrique Lorenzo. SM
Cómic baseado no clásico de Molière para os novos lectores. Debuxo moi dinámico para unha versión diferente deste doutor con pouca paciencia.



Urachima el valiente

Nathalie Bodin. Saure

Un neno xaponés que quere ser samurai desafia a un grupo de mozos que obrigan aos demais a pasar probas absurdas: el négase; nun momento de gran tensión, demostrará que lle sobra valentía...

DVD e CD-ROM infantís e xuvenís



13 Lúas

Asociación de Gaiteiros Galegos
Excelente traballo audiovisual (DVD + CD + libro) que amosa as músicas que acompañan o ciclo da vida. 12 músicas para 12 meses, un documental sobre o ciclo anual na tradición galega...e moito máis.



Astérix en los juegos olímpicos

Frédéric Forestier e Thomas Langmann.
Tripictures
Baseada na obra homónima de René Goscinny e Albert Uderzo, conta as andanzas de Astérix e Obélix en Grecia cando participan nos xogos olímpicos.

Mia ciencia: las nuevas aventuras de Mia

Kutoka Interactive
Os nenos e nenas de 5 a 11 anos poderán aprender sinxelos conceptos científicos nesta nova aventura de Mia. Da man desta ratiña curiosa farás divertidos experimentos que te porán a proba.



Mia crea y colorea: un taller creativo completo

Kutoka Interactive
Para nenos e nenas a partir de 5 anos que comezan a utilizar o ordenador. Mia indícache pasiño a pasiño como facer bonitos deseños de plantas, animais, ou o que inventes coa túa imaxinación.



Salvaje

Steve Williams, dir. Walt Disney Pictures
Esta é a historia dun león do zoo de Nova York enviado por erro a África e dos seus intrépidos compañeiros que tentaran ir salvalo.

Los secretos de los cinco furiosos

Dreamworks

Máis val destreza que forza e moito xeito, como o que demostran estes cinco aprendices da Excelencia Personal no Kung-Fu.



Shreketefeliz Navidad

Dream Works

Shrek quiere celebrar estas datas tranquilamente coa súa familia pero os seus amigos farán que non sexan unhas datas moi relaxadas.

Wall-e

Disney. Pixar

Película de animación, para todos os públicos, protagonizada polo curioso e encantador robot Wall-e. Fai agromar as emocións sen necesidade de diálogos.







ABCD

Marion Bataille. Kókinos

Un extraordinario abecedario que se despreza en cada páxina, nun xogo constante que encanta. Letras que danzan, agóchanse, cambian de forma, abrázanse... Un libro que non te cansarás de mirar.

A araña e mais eu

Fran Alonso. Fotografías de Manuel G. Vicente. Kalandraka

Fermoso álbum ilustrado que invita ás máis cativas e cativos a descubrir as partes do seu corpo a través da similitude que teñen coas froitas.

La cerdita Clea

Nick Denchfield. Ilustracións de Ant Parker. SM

O que lle máis lle gusta á porquiña Clea na granxa onde vive é a branda e fangosa lama, ¿Qué outras cousas lle gustan?

Un día en la playa

Bernardo Carvalho. Libros del Zorro Rojo

Un día de praia que remata de forma inesperada contado sen unha soa palabra.



¿E ti que farías por min?

Fina Casalderrey. Ilustracións de Manuel Uhía. Xerais

Malta e Marqués viven na rúa e cada vez cústalles máis atopar comida.

O embigo de Xanecas

Ramón Aragüés Peleato. Ilustracións de Francesca Chessa. Oqo
De nai a fillo transmítese a sabedoría das cousas: Xanecas pregunta para que serve o seu embigo.



Macario dromedario

Rachel Chaundler. Ilustracións de Bernardo Carvalho. Oqo
O pequeno dromedario Macario perdeu a súa chepa e chora desconsolado. Mais o seu bo amigo o ourizo tentará de axudalo para poder recuperala.



La media naranja

Elena Ferrándiz. Thule
Tina quere atopar á súa media laranxa.

Os mil brancos dos esquimós

Isabel Minhós Martins. Ilustracións de Madalena Matoso. Oqo
Simpático e fermoso esquimó en técnica "collage" que conta as mil variedades de cor branca que poden distinguir os seus ollos negros.



Un niño, un perro y una rana

Mercer Mayer. Cuatro azules
Un neno ía cazar unha ra, pero o cazador quedou cazado pola amizade. Marabillosas ilustracións para amosar a amizade.

Olladas

Dieter Wiesmüller. Kalandraka
Unha viaxe polo mundo visto a través da óptica dos animais. Magníficas ilustracións.





O oso e o corvo

Monika Klose. Ilustracións de André da Loba. Oqo

Premio Visual de Ilustración

Un oso que quería voar fixo un trato cun corvo. El deixáballe os seus brazos ao corvo e este as súas alas. Unha divertida historia sobre desexos e acordos incumpridos, pero coa mensaxe de que todos os seres temos cousas de valor.

André da Loba ilustrou a obra a partir dunha serie de esculturas de cartón.



El pequeño Edu no se aburre nunca

Linnie Bie. Juventud.

Ao pequeno Edu gústalle moito debuxar, facer figuras con plastilina, aínda que adoita rematar pouco limpo ..., ¡pero non importa!

Ruídos, sombras e medos

Marta Rivera Ferner. Everest

Cando polas noites se apagan todas as luces da casa, Sabela comeza a oír ruídos estraños e a ver sombras ameazadoras non recunchos...

Un ao dez ... e volta outra vez

Betty Ann Schwartz. Ilustracións de Susie Shakir. A Nosa Terra

Para descubrir e divertirse xogando. Un curioso libro-sorpresa.

Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos



Cando non atopas a túa casa

Paloma Sánchez Ibarzábal. Ilustracións de Joanna Concejo. Oqo

Este texto recrea con estupendas ilustracións eses soños desconcertantes que temos vivido moitas veces e para os que parece non que non temos acougo.



Contos da tía Rosario : Perico o cangrexo

Amparo Gómez Cuerpo. Ir Indo
Mergúllate nas pozas da praia coa historia de Perico, o cangrexo. A súa vida e a dos outros animalíños correrá un serio perigo. A historia pon de relevo a importancia de que os nenos entendan os ecosistemas e as cadeas alimentarias, fomentando a empatía dos nenos e nenas cos animais por moi diminutos que sexan.

O corazón do xastre

Txabi Arnal. Ilustracións Cecilia Varela.

Oqo

O vello xastre leva toda a súa vida no palacio. Un bo día decide marchar cara lugares distintos para sentirse novamente vivo axudando coa súa arte ás persoas que atopa no camiño.




O debut de Martiño Porconi

Xosé A. Neira Cruz. Ilustracións de Federico Fernández. Contén CD. Galaxia
O maior dos tres porquiños vaise facer tenor, no momento da súa estrea, lembra a famosa aventura co lobo, as casas e os suplidos. Unha reinterpretación dun clásico acompañado por unha marabillosa música interpretada pola Real Filarmónica de Galicia.



Diario de Pichük

Manel Cráneo. Everest Galicia
Quen é Pichük? e As minchas de Aridöndia son dous títulos da colección protagonizada polo científico Pichük, natural da aldea hirflä de Virdüña. Familiarízate co planeta creado por Cráneo, onde os topónimos levan diérese e os seus habitantes teñen curiosas formas de vida (para os humanos, claro).



Elmer y Wilbur

David McKee. Beascoa
O famosísimo elefante de cores volve cunha nova aventura xunto ao seu primo, o revoltoso e axedrezado Wilbur.

Entre papoulas

María Canosa. Ilustrado por Marta Rivera Ferner. Everest.
Qué presumidas son as papoulas! Gústalles tomar o sol, por iso só saen no verán e tamén tolean si lles sacan fotos ou si as acariñan, en fin... Son unhas flores ben bonitas e especiais!

Historia da resurrección do papagaio

Eduardo Galeano. Ilustracións de Antonio Santos. Kalandraka

Unha preciosa versión dunha lenda da selva brasileira.



Historia do can que caeu no tinteiro

Xavier Seoane. Ilustracións de Paula Mariño. Galaxia

Un neno tiña un can pequeniño que caeu nun tinteiro e xuntos aprenderon a escribir.

As historias da avoa Catarina

Iñaki Zubeldia. Ilustracións de Estibalitz Jalón. Factoría K de libros

Marabillosas ilustracións neste conto de insectos: xoaniñas, saltóns e bolboretas, son os protagonistas das historias da vella cigarra Catarina.



O insólito ascenso de Madame Pôl

Nicolás Arispe. Factoría K de Libros

Cando Madame Pôl se ofreceu como voluntaria, nin ela ni o mago podían supoñer que unha corrente vento e unha ventá aberta causarían tal desastre.

Ilustracións en branco e negro que son as que nos ofrecen a información do que pode facer a maxia.



As luces que se acenden e se apagan

Ramón Trigo. Kalandraka

Historia de Lusco, un pintor que ten a idea de pintar un gran bodegón. Ponse ao traballo pero o asunto non é tan simple. Obra de grande calidade plástica.



Mentiras

Textos populares. Ilustracións de Suso Cubeiro. Everest Galicia

Polo mar andan as lebres, polo monte andan as troitas; se che parece mentira, como esta haiche moitas!

Oh, as cores!

Jorge Luján. Ilustracións Piet Globber. Kalandraka

Cada cor é recreada nuns versos e nunha preciosa ilustración.



El pañuelo de mi abuela

Heinz Janisch. Ilustracións de Aljoscha Blau. Lóguez

Texto poético e delicadas ilustracións para un libro que comeza así: "Mi abuela tiene un pañuelo negro para la cabeza. Una vez atrapó en él viento..."



Un saco de estrellas

Fina Casallerrey. Ilustracións de Enjamio. Xerais

No lugar apareceu unha muller maior, de aparencia extravagante, á que ninguén coñecía e que pasaba á tardiña arrastrando un misterioso saco luminoso.

Los siete cabritillos

Ana Serna Vara. Ilustracións de Marifé González. Susaeta

Conto clásico para que os nenos e nenas se inicien na lectura. Contén pictogramas.

Soñei que era unha árbore

Tere Puig. Ilustracións de Isao. Cumio
*Fermoso conto dun neno que soña que é
unha árbore que vive nun ambiente limpo
e incrivelmente axeitado.*



Te regalo un cuento

Jorge Gonzalvo, Cecilia Varela. Lóquez
*Este libro é un verdadeiro agasallo polo
seu texto e as súas imaxes tenras. “Te
regalo un cuento improvisado, de esos que
empiezas a escribir sin pensar y que no
sabes cuándo acaban”.*



Ámbar quiere buenas notas

Paula Dazinger. Ilustracións de Tony Ross.
Alfaguara

Ámbar non logra superar o divorcio dos seus pais e deixa de facer os traballos de clase. Todo cambia cando descobre que o mozo da súa nai é realmente amable, que o seu pai está comezando unha nova vida en París e que a súa profesora espera o mellor dela.



Cama e conto

Gonzalo Moure. Xerais

O que máis lle gustaba a Malva era que a súa nai lle contase un conto antes de durmir...

Cómo cruzar la calle y no acabar hecho una tortilla

Anne Fine. Ilustracións de Tony Ross.
Edelvives

A profesora Miss Talentino explica o xeito correcto de cruzar unha rúa e moito máis. Aproveita a clase de matemáticas para saber moverse pola cidade.



Contos para nenos que dormen deseguida

Pinto & Chinto. Kalandraka

28 historias breves repletas de humor.

La historia de Akupai

Philippe Lechermeier. Ilustracións de Élodie Nouhen. Edelvives

Un neno continúa a fermosa historia inaugurada por Akupai, un home que ven de lonxe, xunto con outros, a traballar na colleita e na moenda e a enriquecer a vida do pobo.



Un home impuntual

Pepe Cáccamo. Ilustracións de Manuel Pizcueta. Galaxia

O protagonista deste conto non chega a tempo a ningures. A súa impuntualidade é unha desgraza ou unha sorte?

¡Judy Moody se vuelve famosa!

Megan McDonald. Ilustracións de Peter H. Reynolds. Alfaguara.

Judy desexa ser famosa por riba de todo, e saír na tele coma o seu irmán. Pero darase conta de que hai cousas máis importantes que converterse nunha celebridade.



El libro de los monicacos

Michael Ende. Ilustracións de Rolf Rettich. Noguer

Chistes, fábulas, historias, poesías rimadas e absurdas enchen este libro de humor. Hai monicacos de todas as formas e cores, e calquera de nós pode ser un.



Mi hermana Aixa.

Meri Torras. La Galera.

A historia da chegada dunha nova irmanciña, Aixa, que non estivo na barriga de mamá.



Milu

Manuel Rivas. Ilustracións de Aitana Carrasco. Kalandraka

Milu é unha nena á quen os seus pais non poden coidar...

Un mundo raro

María José Ferrada Lefenda. Ilustracións de Nicolai Troshinsky. Kalandraka

Os/as protagonistas son catro nenas e dous nenos que xogan, inventan, divírtense e teñen algo especial: constrúen o seu mundo con imaxinación e poesía.



Los O.T.R.O.S.: (Sociedad secreta)

Pedro Mañas. Ilustracións de Javier Vázquez. Everest

A divertida historia de Franz Kopf ou como che pode cambiar a vida por levar un parche nun ollo (sen ser pirata).

Os poderes máxicos de Aitema

Concha Blanco. Galaxia

Ten ás para voar, aletas para nadar e pés para camiñar. Aitema é así!



El prodigioso viaje de Edward Tulane

Kate Dicamillo. Noguer

Edward Tulane é un fahendoso e soberbio coello de porcelana. Vive nunha elegante mansión coa súa propietaria, a nena Abilene Tulane, con toda clase de luxos. Por desgraza, esta vida acaba para Edward o día que accidentalmente se ve separado de Abilene.

Puedo verte siempre que quiera

Mariko Kikuta. Glénat

Esta tenra historia está contada “desde o outro lado”. Fala a mascota que bota de menos á súa dona que xa non está.



El rey y el mar: 21 historias cortas

Heinz Janisch. Ilustracións de Wolf Erlbruch. Lóguez

Álbum ilustrado de historias curtas de gran beleza, moi suxestivas e interesantes, protagonizadas por un pequeno rei que se interroga sobre o seu poder: os elementos da natureza encárganse de lembrarlle a súa irrelevancia.



Taller de corazóns

Arturo Abad. Ilustracións de Gabriel Pacheco. Oqo

É un fermoso álbum ilustrado onde nos presenta a Matías que ten un taller de corazóns. Matías fabrica todo tipo de corazóns. Texto poético e unhas singulares e suxestivas ilustracións que nos falan das emocións e os sentimentos para introducirnos nun máxico mundo de fantasía e de soños.

A volta ao mundo en 80 contos

Saviour Pirotta. Ilustracións de Richard Johnson. Baía

Sabías por que os hawaianos honran o bufo.

Coñeces a historia de Liu, un mozo chinés e a princesa dragoa?

Esta e outras historias deste libro conforman unha marabillosa viaxe polos contos tradicionais de 80 culturas diferentes.



Zalgum

Luisa Morandeira. Ilustracións de Bernardo Carvalho. Oqo

Nesta historia, baseada nun conto tradicional bereber, a protagonista é Zalgum, unha fermosa moza de longo cabelo vermello.

Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos



Capitán Grisam y el amor

Elisabetta Gnone. Destino

Primeiro episodio dunha nova serie da saga de Fairy Oak. Unha historia de mares, de mozos intrépidos e de moito amor.



Corazón de chocolate

Jaureguizar. Ilustracións de Matalobos.

Xerais

Debuta Tintimán neste volume co caso da Irmandade Xelmírez, unha secta perversa con "sede" en Santiago de Compostela. Emoción á esgalla polas rúas da cidade do botafumeiro.

A coroa de Napoleón

Jaureguizar. Ilustracións de Matalobos.

Xerais

Segunda entrega do mozo Tintimán, un investigador e aventureiro que tratará de desvelar un suceso de consecuencias internacionais: a desaparición na cidade herculina da coroa de Napoleón Bonaparte.





Dioxenes

Pablo Albo. Ilustracións de Pablo Auladell. Kalandraka

Dioxenes cóntanos a peculiar afección da súa familia: o costume do acopio. O neno colecciona de todo: unha duna, un submarino, un bosque de eucaliptos, etc. Excelente texto poético e suaves ilustracións. Tamén dispoñible en castelán co título de *Diógenes*.

A filla do ladrón de bicicletas

Teresa González Costa. Ilustracións de Jacobo Fernández Serrano. Xerais

Esta obra obtivo o Premio Merlín 2010. Ten como protagonistas indiscutibles as bicicletas que tantos recordos lle traen á autora.



Fume

Antón Fortes. Ilustracións de Joanna Concejo. Oqo

Aínda que é un tema tratado repetidamente, chama a atención polas intensas imaxes da debuxante polaca Joanna Concejo, de grande sensibilidade e fermosura, pese a reflectir a dureza dun campo de concentración co que implica de fame, frío, enfermidade, violencia e morte, de destrución do mundo familiar e persoal, da separación e a soidade, pero tamén do amor, a solidariedade e a humanidade, desde a visión do neno anónimo protagonista da historia.

El gran libro del misterio: 13 historias con un final que no te esperas...

Antonio Tello. Ilustracións de Miguel Navia. Parramón

Unha selección dos máis impresionantes contos de medo e misterio dos mellores escritores de todos os tempos. Dende Daniel Dafoe a Rubén Darío pasando por Chejov, Dickens ou Alexandre Dumas.

Hugo y la columna de fuego

Cornelia Funke. Pearson/Alhambra.

*Novas intrigas dos valentes cazapantas-
mas Tom Tomsy, Eloína Comino e Hugo,
o Fame.*

Lúa do Senegal

Agustín Fernández Paz. Xerais

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. O único lazo entre os dous mundos é a lúa que brilla no ceo polas noites.



Mil cousas poden pasar. Libro I

Jacobo Fernández Serrano. Xerais

Neda e Mercurín, fillos do rei do mar, procuran un agasallo no aniversario do seu pai. Na busca do mesmo acontecen situacións imaxinativas e disparatadas, mesturando o excepcional co cotián e o surrealismo co normal.





O Rei Oso Branco e outros contos maravillosos

Tim Bowley. Ilustracións de Óscar Villán.
Kalandraka

Escolma dos mellores relatos do narrador Tim Bowley, con ilustracións do tamén extraordinario Óscar Villán. Contos do mundo, reis, princesas e animais que falan.



O tesouro da lagoa de Reid'ls

Agustín Agra. Ilustracións de Andrés Meixide. Xerais

O avó de Paulo e Aldara cóntalles a súa aventura na busca do tesouro do pazo da cidade afundida de Reid'ls, custodiado polos feroces urcos e pola princesa do lago.

Xan Loureiro.

Xesús Muruais. A Nosa Terra.

Relato histórico ambientado na época da Guerra de Independencia, desenvólvese nas terras galegas e pertence a un intelectual pontevedrés de primeira fila.

Libros para adolescentes de 12 a 14 anos



Cómo entrenar a tu dragón, por Hipo Horrendo Abadejo III

Cressida Cowell. SM

Libro baseado nas memorias de Hipo Horrendo e traducido e adaptado por Cressida Cowell. É un manual ideal para os heroes que teñen algún problema de adaptación.

Como se fixo o primeiro alfabeto

Rudyard Kipling. Émbora

Este relato e “Como se escribiu a primeira carta” que se inclúen neste libro foron escritos por Kipling para a súa filla Josephine, editados dentro do volume de contos “Just so stories”.

A cripta do apóstolo

Pere Tobaruela. Xerais

Novela de aventuras protagonizada por un grupo de mozos/as que percorren o Camiño de Santiago durante dezaseis días. Mais, un perigo parece achegarse á cidade, que farán eles?



Crónicas corsarias

Rafael Lema. Tambre

A Costa de morte é unha importante base de corsarios na época napoleónica. O virrei de México encárgalle unha misión ao capitán Araña, famoso pirata de Camariñas: deter no mar de Fisterra un gran navío da Compañía das Indias.





Cuentos de Shakespeare


William Shakespeare. Adaptación de Andrew Matthews. Ilustracións de Angela Barrett. Juventud

Matthews elixiu oito clásicos do dramaturgo inglés, que xunto á ilustradora Angela Barrett, recrean algunhas historias de Shakespeare con toda a emoción das obras de teatro orixinais.

Cuentos del mar

Recompilación de Cooper Edens. Juventud


Un libro con sabor a sal, no que están reunidos algúns dos mellores relatos e autores/as relacionados co mar: Gabriela Mistral, Stevenson, Alfonsina Storni, Hemingway, Rubén Darío, Verne, etc.



El diario completamente verídico de un indio a tiempo parcial

Sherman Alexie. Ilustracións de Ellen Forney. Siruela


O mozo indio spokane, Junior conta en primeira persoa a chea de retos que ten que superar día a día. Desde o primeiro capítulo, con sinceridade e socarronería succédense unha especie de crónicas contadas sen contemplacións. O inicio é xa prometedor: "Nací con agua en la cabeza".



Dragal: a herdanza do Dragón

Elena Gallego Abad. Xerais

Trátase da primeira entrega dunha triloxía que fala do renacemento do último dragón galego. Hadrián xunto á súa amiga Mónica investigarán a información sobre o misterioso dragón: un antigo medallón, os libros prohibidos dunha vella biblioteca, as misteriosas augas da Poza da Moura... Ingredientes necesarios para esta novela de intriga e misterio.



El enemigo.

Davide Cali e Serge Bloch. SM

Contundente e xenial alegato a prol do absurdo da guerra e das súas trampas.

Legacy


Cayla Kluver. Roca editorial

Alera é unha princesa que acepta a regañadentes o seu destino, momento no que coñece a Narian, un cabaleiro misterioso que ven do reino inimigo... é o punto de partida desta novela chea de intrigas, amor, guerra, misterio e traizón.

El libro del cementerio

Neil Gaiman. Roca editorial

Un neno pequeno consegue escapar da súa casa cando toda a súa familia falece, obra dun asasino sen compaixón. Chegará ata o cemiterio onde será ben recibido polas pantasma que alí habitan que o protexerán do asasino que o vai buscando.



Molly Moon y los ladrones de cerebros

Georgia Byng. SM

Acompaña a Molly Moon nesta nova aventura na que tentará rescatar do futuro ao seu irmán xemelgo e vencer á malvada princesa Fang.

O pintor do sombreiro de malvas

Marcos Calveiro. Xerais

Un adolescente parisino chega a Auvers, no sur de Francia, para pasar unha tempada e, aínda que nun principio non se sente a gusto, todo cambiará coa chegada á vila do pintor Vincent Van Gogh co que vai establecer unha fermosa relación de amizade.



¡Qué amiga tan deliciosa!

Franziska Gehm. Edelvives.

Daka e Silvania son dúas irmáns adolescentes e medio vampiras que se acaban de mudar, xunto cos seus pais, desde Transilvania ata unha cidade alemá. Os intentos da nai, que non é vampira, para que se comporten como persoas normais dará lugar a situacións moi graciosas

Revolución

Sara. Libros del Zorro Rojo

Máis con menos: sen case palabras unha historia contada en vermello, negro e branco. A revolta, a represión e o desexo irrenunciante de liberdade. Con sinxelos recursos a autora francesa elabora un álbum conmovedor e moi expresivo.



Uliana Karaváeva e Bill o morto

Darja Vardenburg. Sotelo Blanco

Demostrouse que Uliana Karaváeva deixou a cidade despois de recibir un telegrama do artista de circo Zampa. Que foi dela?

Libros para maiores de 14 anos



A orillas del mal

Francisco Díaz Valladares. Bruño
Kiko abandoa a súa humilde profesión de pescador fascinado polas posibilidades económicas que lle ofrece o narcotráfico.

Antes de los dieciocho : selección de cuentos

Selección de Mercedes Chozas. Espasa Calpe
Antoloxía de contos de grandes escritores como Julio Cortázar, Jack London ou Truman Capote onde os protagonistas son nenos/as ou adolescentes.



Canciones para Paula

Blue Jeans. Everest
Romántica historia na que se mesturan amores, desamores, música, redes sociais e amizade.

Cartas de invierno

Agustín Fernández Paz. Xerais
Xabier Louzao volve a Galicia e atopa as cartas que o seu amigo Adrián lle escribira na súa ausencia. Unhas cartas que falan de estraños sucesos.

Los cazadores de sombras: Ciudad de hueso

Cassandra Clark. Destino
Acción, intriga, humor e, como non, unha historia de amor.





O coitelo sutil.

Philip Pullman. Fatoría K de Libros
Segundo volume da triloxía “A materia
escura”.

*As viaxes de mundo en mundo dos protag-
onistas lean e descubrir un gran segredo.*

O contador de estrelas

Jaureguizar. Alfaguara

*Antía estaba certa de que aquel verán ía
ser o máis aburrido da súa vida. E non foi
así. Aquel resultou ser o máis apaixonante e
dramático dos quince anos que vivira.*



El final de la inocencia

Linzi Glass. Siruela

*Este libro conta a historia dunha familia
surafricana, a través da ollada de Emily,
a filla, unha rapaza estraña. Os seus pais
están sempre discutindo, agás cando van
outras persoas a vivir á súa casa. Nesta
casa tamén está a criada Lettie e Buza,
un vello que traballa para eles, a quen a
protagonista ten moito aprecio, xa que é o
único que lle da cariño e cóntalle historias
para que ela poida comprender a vida. Os
problemas comezan cando un día chega
un matrimonio con dous fillos.*

A idade do orballo

Xosé Lois García. Ilustrado por Manolo
Uhía. Everest

*Relatos sobre personaxes populares e
tradicións situados no municipio portugués
de Amarante.*

Libro das alquimias

Xesús Constela. Doce. Galaxia

O protagonista cambia o día que coñece a un estraño ancián que ven de se mudar para o baixo do seu edificio.



O lobishome de Candeán

Paula Carballeira. Galaxia

Por que aparecen rapazas mortas, abandonadas no medio do monte?

Memoria contra Alzheimer

Rafael Laso Lorenzo. Xerais

Cando non lembras nada quédanche os soños, o do protagonista é ser campión de xadrez, e coas partidas lembra. Unha historia sobre o que esquecemos e sobre o Alzheimer.



Menú de enganos


Manuel Núñez Singala. Galaxia

Vinte relatos sobre a mentira e a falsidade reunidos como se fose un menú.

Palabras envenenadas

Maite Carranza. Edebé

Historia de mentiras, segredos, enganos, falsas aparencias e, sobre todo, unha denuncia dos abusos sexuais infantís, as súas consecuencias e invisibilidade.



Sansón Trolleyro

Enrique Vázquez Pita. Xerais

Estas son as andainas de Sansón Trolleyro, un estudante de medicina de Santiago alá polo ano 1672.



Temblor

Maggie Stiefvater. SM

Fai anos, Grace estivo a piques de morrer devorada por unha manda de lobos, pero salvouna un. A raíz disto crease un vínculo entre os dous.

Tiempo de milagros

Anne-Laure Bondoux. Edelvives

Kumail é do Cáucaso, pero atravesa toda Europa escapando da guerra.

Banda deseñada para mozas/os e adultas/os



Bícame profe

Kazuma Kodaka. Do Cumio

Os alumnos dun instituto xaponés realizan unha visita a Hawai. Manga. Editado con sentido da lectura oriental.



Las calles de arena


Paco Roca. Astiberri

Un rapaz corre polos lugares que lle son coñecidos, pero semellan descoñecidos nese intre.

Maus: relato dun supervivente

Art Spiegelman. Inrevés

Unha historia onde se contan dúas historias, unha a vivida por un pai no campo de exterminio nazi e a outra a relación dese pai co seu fillo, e como ámbalas dúas se entrelazan de como se ri e como se chora. Imprescindible na banda deseñada actual.



Orgullo y prejuicio y zombies

Tony Lee. Ilustrada por Cliff Richards.

Imágica

Esta novela gráfica é unha adaptación da novela de Seth Grahame-Smith do mesmo título, que a súa vez é un "remake" da novela de Jane Austen engadindo mortos viventes.



Píldoras azules

Frederik Peeters. Astiberri

Lévanos a unha relación de parella, onde a pesares da enfermidade dela e máis do seu fillo, non constitúen a trama central, senón os sentimentos e a busca da felicidade.

Sen mirar atrás

Dani Montero. Demo Editorial

A historia do último premio Castelao de Banda Deseñada, é a dun mozo, Xaime, que na compañía do seu can Tobías, emprende unha viaxe sen destino, unha road movie en viñetas chea de intriga e humor.



Las serpientes ciegas

Felipe Hernández Cava. Ilustracións de Bartolomé Seguí. BD Banda

Unha historia de vinganzas coa Guerra Civil española e o Nova Iorque da Gran Depresión como telón de fondo. Obra gañadora do Premio Nacional do Cómic 2009


Obras literarias para mozas/os e adultas/os



Alfred y Emily

Doris Lessing. Lumen

Alfred e Emily foron os pais de Doris Lessing, aos que cando eran novos a Primeira Guerra Mundial lles arruinou a vida . Lessing intenta imaxinar unha vida para eles si esa guerra non tivera existido.



Ana Karenina

Lev N. Tolstoï. Espasa Calpe

Obra mestra que trata sobre unha muller que por amor trata de escapar dos convencionalismos sociais que a rodean. Fálanos da familia e a infidelidade na sociedade rusa do século XIX.

Asasinato no Consello Nacional


Diego Ameixeiras. Xerais

A trama xira arredor do asasinato do parlamentario Mario Dacosta despois da reunión do Consello Nacional na que dimitte Óscar Quiroga como portavoz da formación frentista.

El azor en el páramo

Ted Hughes. Bartleby editores

Hughes está considerado como un dos mellores poetas en lingua inglesa de todos os tempos. Esta selección é unha boa oportunidade para achegarse á súa obra.



Beirut, I love you

Zena El Khalil. Siruela

Zena móvese por Beirut, unha cidade conflictiva pero chea de atractivo e enerxía.



Calle Katalin

Magda Szabó. Mondadori

Trata da historia de tres familias que viven na rúa Katalin, en Budapest. Preséntanos un período duns 30 anos, que coincide coa Segunda Guerra Mundial.

Una casa para el señor Biswas

V. S. Naipaul. Debate

Corren os anos 40 do pasado século na illa caribeña de Trinidad. A falta de boas oportunidades de traballo e a escaseza de vivenda na illa obrigan a Mohun Biswas, casado e con catro fillos, a compartir casa coa extensa parentela da súa muller. Alí, sin apenas privacidade, soña co día no que poderá adquirir unha casa propia onde educar aos seus fillos lonxe das imposicións do clan familiar e onde poder exercer de cabeza de familia.

El cielo se cae

Lorenza Mazzetti. Periférica

Ao través dos ollos dunha nena, vemos como transcorre apaciblemente a vida nunha vila da Toscana, todo cambia co estalido da guerra e a chegada dos alemáns.



O coitelo en novembro

Marilar Aleixandre. Xerais


Dezanove relatos cun fío de continuidade que nos falan da relación entre o que é verdade e o que é ficción.

Como la lluvia

José Emilio Pacheco. Visor
Versos sobre o noso mundo e o noso tempo.

Corpo baleiro

Berta Dávila. Espiral Maior
Primeiro libro desta autora que traza unha paixón, "paixón co corpo e no corpo", segundo as palabras do tamén poeta Miguel Anxo Fernán Vello.



Los cuadernos de don Rigoberto

Mario Vargas Llosa. Alfaguara
Viaxe erótica e estética a través dos escritos de Don Rigoberto, un home maduro, o seu fillo Funchito e Lucrecia, a madrasta. Todos eles da man de Egon Schiele, pintor expresionista austríaco (1890-1918) e referente de Funchito.



Dentro

Berta Dávila. Fervenza
Segundo libro de poemas da autora, que recibe por esta obra o Premio Avelina Valadares de Poesía 2008.

Desde ahora te acompañaré a casa

Kjell Askildsen. Lengua de trapo
Escolma de contos deste autor noregués arredor da vida: a primeira relación sexual, o reencontro cun pasado difícil ou a experiencia da morte.





Diario de un ama de casa desquiciada
Sue Kaufman. Libros del Asteroide
Divertido relato sobre o sentimento de angustia ao que calquera persoa se pode enfrentar nalgún momento da súa vida.

Los diarios de Adán y Eva.

Mark Twain. Libros del Zorro Rojo
Mark Twain recrea con altas doses de humor pero tamén de tenrura o que pode ser o encontro de Adán e Eva alá no paraíso,



Do Courel a Compostela

Uxío Novoneyra. Galaxia
Nova edición ilustrada con fotos, acompañada cun CD na que o autor recita algúns dos poemas recollidos no libro.

La hija de Robert Poste

Stella Gibbons. Impedimenta.
Flora Poste, educada nun ambiente urbano e de clase alta, queda orfa e sen recursos. Decide entón marchar a Cold Comfort Farm, a ruínosa granxa dos Starkadder, uns rústicos familiares que semellan vivir no século pasado. Os intentos da rapaza por “modernizar” aos seus toscos parentes provocarán máis dunha situación cómica.

Hijos del ancho mundo

Abraham Verghese. Salamandra
Fálanos de Marion Stone e os eu xemelgo Shiva, nacidos en Etiopía dunha monxa india. Indagando no pasado de seus pais van reconstruíndo a historia da súa familia ao mesmo tempo que nos presentan a traxectoria política de Etiopía.

As horas baixas

Manuel Lourenzo. Laiovento
Conxunto de tres pezas teatrais reunidas baixo o nome da primeira delas.



Hotel Borg

Nicola Lecca. Pre-Textos
Cinco personaxes que cruzan as súas vidas en Islandia. A acción transcorre en catro rúas. Comparten espazo aínda que non todos eles se coñecen. Un fío invisíbel é o que os une sen que eles o saiban.



Inés y la alegría

Almudena Grandes. Tusquets
Conta a historia da invasión do Val de Arán polo exército da Unión Nacional Española en outubro de 1944. Fálanos duns homes e mulleres que loitan por defender unhas convicións e uns ideais.

Intérprete de emociones

Jhumpa Lahiri. Ed. del Bronce
Conxunto de relatos moi diferentes entre sí pero que teñen en común estar protagonizados por hindús que viven en Norteamérica, co conflito de respectar a tradición cultural india da que proceden e a necesidade de integrarse na sociedade de adopción, neste caso a americana.



A intervención

Teresa Moure. Xerais
Fala de arte e natureza. Unha serie de persoas, un pouco peculiares, toman unha canteira de lousa abandonada e deciden plantar alí un xardín.



Ironías dos fados

Alberto G. Aneiros. Lea
Colección de relatos de diversa temática, algún deles con premios de prestixio.

Kitchen

Banana Yoshimoto. Rinoceronte
Mikage vivía coa súa avoa que acaba de morrer e iso afúndea na tristura, pois era o único familiar que lle quedaba. Véndoa así, Yuichi, un compañeiro da universidade, ofrécelle a súa casa para repoñerse.



Lo que me queda por vivir

Elvira Lindo. Seix Barral
É a historia dunha muller salvada pola presenza do seu fillo, mentres ansía facerse un lugar na sociedade.

El maestro de almas

Irene Nemirovsky. Salamandra
Trata sobre o desarraigo e a obsesiva busca de prestixio social. Irene Nemirovsky é unha escritora cunha gran capacidade psicolóxica para crear personaxes moi verosímiles e profundamente humanos.



La mancha humana

Philip Roth. Alfaguara
Coleman Silk ve como a súa reputación e a súa carreira se arruinan por dicir unha expresión pouco afortunada nun momento inoportuno.

Muerte en el cepo

Georgette Heyer. Salamandra

Un millonario é asasinado e toda a súa familia e achegados son sospeitosos. Todos tiñan un motivo para facelo e ningún deles ten unha boa coartada.



Namberguán. Guión de cinema

Euloxio R. Ruibal. Laiovento

Unha ollada satírica ao mundo actual analizando todos os aspectos que afectan á sociedade actual, especialmente aqueles que se relacionan co capitalismo.



La noche de los tiempos

Antonio Muñoz Molina. Seix Barral

Ignacio Abel é un arquitecto que en outubro de 1936 chega a Estados Unidos contratado por unha universidade. A través de diferentes saltos temporais vaise reconstruíndo a súa traxectoria e a sociedade do momento.

Non son de aquí

María do Cebreiro. Xerais


Non esqueza traer o corazón, velaquí o inicio deste poemario que de seguro non vai decepcionar.



Nunca te vin chorar

Miguel Suárez Abel. Galaxia

Unha historia que leva ao lector desde Alemania ata Colombia na ansia de mellorar a vida dos máis desfavorecidos.



Los ojos amarillos de los cocodrilos

Katherine Pancol. La Esfera de los Libros
Josephine separase, o seu home vaise a Kenia a coidar cocodrilos, a súa irmá crece novelista, a nai... A vida mesma, un cruce de amor, amizade, traizón, diñeiro, soños e mentiras.

Olive Kitteridge

Elizabeth Strout. El Aleph
Trece relatos que nos achegan á vida cotiá de Olive Kitteridge, profesora xubilada, e aos seus veciños, residentes nunha pequena vila costeira de Nova Inglaterra.




Periferia

Iolanda Zúñiga. Xerais
Premio Xerais de Novela 2010.
Luciana é unha rapaza das favelas de Sao Paulo que se introduce no narcotráfico a fin de axudar á súa nai...

La piel del zorro

Herta Müller. Siruela
O escenario da novela é unha cidade romana nos últimos anos da era de Ceaucescu. Por ela móvense diferentes personaxes aos que non lles foi ben na vida e son perseguidos pola ditadura do país.



Unha primavera para Aldara

Teresa Moure. Deputación Provincial da Coruña

Premio de Teatro Rafael Dieste 2007

Premio Asociación de Escritores en Lingua Galega (Teatro) 2008

Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal 2009

Tamén foi publicada pola editorial Xerais na colección Fóra de Xogo

Obra de teatro que se desenvolve no interior dun mosteiro na Galicia do século XV.



Raiz e soño (Canción de Oleiros)

1976-2008

Xavier Seoane. Trifolium

Escolla da súa obra poética dedicada a

Oleiros. Poesías escritas entre os anos

1976 e 2008. Segundo nos explica no

libro, "é en Oleiros onde o poeta viviu

longos períodos e gozou de moitos dos

momentos e experiencias máis felices da

súa vida e onde escribiu unha gran parte

dos seus libros".

Randea do alento

Herta Müller. Xerais

A escritora, Premio Nobel de literatura no

2009, mergulla na realidade dos campos

de traballo soviéticos.

O recendo das mimosas

Agustín Agra. Xerais

Doce relatos que nos achegan aos temas

máis diversos: a mitoloxía clásica, a

política...





Riña de gatos. Madrid 1936

Eduardo Mendoza. Planeta

Premio Planeta 2010

Pouco antes de que comezara a Guerra Civil de 1936 a situación era irrespirable. Anthony Whitelands, especialista en pintura española, debe autenticar un cadro descoñecido...

La sal de la vida

Anna Gavaldà. Seix Barral

Relato alegre, que nos lembra que todo é posible.



Salitre

X. H. Rivadulla Corcón. Sotelo Blanco

Peza teatral onde o autor fala metaforicamente da perda das tradicións mariñeiras fronte á emigración, do abandono do mar polos mariñeiros.

Sete palabras

Suso de Toro. Xerais

Unha historia de familia para desvelar as claves da identidade persoal..




Settecento

Marcos Calveiro. Xerais

Novela histórica e de intriga, centrada nos últimos anos do compositor Vivaldi e que ten como escenarios as cidades de Venecia, Viena, París e Santiago.

El sueño del celta

Mario Vargas Llosa. Alfaguara
Fálanos da vida de Roger Casement, un dos primeiros europeos en denunciar os horrores do colonialismo no Congo Belga e a explotación da Amazonía, e tamén da súa loita como nacionalista irlandés.



Suite francesa

Irene Nemirovsky. Salamandra
Segunda Guerra Mundial. Os alemáns entran en París e a xente fuxe aterrecida, provocando o caos.

El tiempo mientras tanto

Carmen Amoraga. Planeta
Finalista Premio Planeta 2010
Unha moza sofre un accidente de tráfico que a deixa en coma. Esta obra é a súa historia, pero tamén a doutras persoas (a nai, a súa mellor amiga, ...) unidas por lazos de familia ou de amizade.



Tierra desacostumbrada

Jhumpa Lahiri. Salamandra
Conxunto de historias curtas protagonizadas por hindús que viven fóra da India.

Todo é silencio

Manuel Rivas. Xerais
A historia do capo contrabandista Mariscal, dun pobo costeiro galego mergullado no narcotráfico e dun grupo de amigos.



Tras los muros

Núria Esponellà. Roca

Fai máis de dez anos que o abade Berenguer garda un segredo. Por iso, cando unha noite unha figura oculta baixo unha capa e un sombreiro negro entra na sacristía do templo, corre a voz de alarma.

Tres vidas

Gertrude Stein. Galaxia.


Libro da primeira mecenas de Picasso no que en tres relatos retrata a outras tantas mulleres: Ana, unha ama de chaves que sofre ao partir a súa ama, Malanchtha, unha mulata que se namora dun médico branco, e Lena que casa dun xeito amañado cun xastre.



Lo verdadero es un momento de lo falso

Lucía Etxebarria. Suma de Letras

O cadáver de Pumuky aparece nun piñeiral cun tiro na cabeza. As persoas do seu entorno creen saber a verdadeira razón da súa morte pero só o lector, cando recopile todos os testemuños, entenderá o sucedido, ou non.



Viaje con Clara por Alemania

Fernando Aramburu. Tusquets

Clara e o seu home fan unha viaxe por Alemania chea de anécdotas divertidas.

Vista cansada

Luis García Montero. Visor
*García Montero inicia este novo poemario
cuns versos dedicados á súa muller,
Almudena Grandes:*

*“Como sempre he vivido
con los pies en las nubes,
necesito el amor
para poner las manos en la tierra”.*



O xiro postal


Ousmane Sembène. Rinoceronte.
*Senegal, anos sesenta. Un veciño dun
barrio pobre de Dakar recibe un xiro
postal do seu sobriño emigrado en Europa.
Este é o principio dunha batalla que o
protagonista terá que soster contra unha
chea de trabas sociais no seu intento por
facer efectivo o cobro dos cartos que
tanto necesita.*



Algo va mal

Tony Judt. Taurus

“Hay algo profundamente erróneo en la forma en que vivimos hoy”, así comeza esta obra na que o autor nos desafia a opoñernos aos males da nosa sociedade.



Alimentación saludable

Xulio Astor Camino e Montserrat Astor Camino. Xerais

Pautas para conseguir unha alimentación axeitada en beneficio da nosa saúde.

Cartas a Theo

Vincent Van Gogh. Paidós

Recolle as cartas que o pintor Van Gogh lle dirixe durante anos ao seu irmán Theo.



Os castros de Oleiros

Beatriz Comendador, Joaquín Ferrer e Santiago Vázquez. Trifolium

Todas as persoas que lles interese coñecer o patrimonio arqueolóxico de Oleiros poden ler esta obra na que os autores presentan os xacementos coñecidos como castros co obxectivo de concienciar á poboación da necesidade de salvagardar este patrimonio cultural.

Os celtas. Unha (re)visión dende Galicia

Francisco Calo Lourido. Xerais
Achegamento ao tema do celtismo a través dun exhaustivo estudo da historiografía, cuestión lingüística, sociedade, relixión, etnografía, ...

A ciencia no punto de mira

Jorge Mira. Auga editora
Obra de divulgación científica que nos presenta diversas realidades da época actual enfocadas dunha forma amena desde o punto de vista da ciencia.



Compostela una historia entretenida. Atlas histórico ilustrado de la ciudad de Santiago

Simón Vicente López, Julio Prado Seijas.
Ilustracións de José Luis Serrano Silva. Sotelo Blanco e Consorcio de Santiago Presenta o nacemento e desenvolvemento urbano da cidade de Santiago de Compostela, con fermosas ilustracións e un bo glosario no que explica diferentes termos utilizados.



Cosas que he chamado

Azar Nafisi. Duomo
A través da súa propia biografía, Azar Nafisi, a autora de Leer Lolita en Teherán, reflexiona sobre o seu país, Irán, e sobre a muller no Islam...



A cultura do pan

Xosé Lois Ripalda. Xerais
O pan e o alimento básico na nosa dieta, entorno a el xurde unha cultura etnográfica que marca a nosa fala, as nosas costumes e as nosas tradicións que convén coñecer como parte da nosa identidade.

El desajuste del mundo

Amin Maalouf. Alianza
Ensaio no que defende que a cultura é a única maneira de alcanzar a paz entre os pobos.



Dos vidas

Vikram Seth. Anagrama
Vikram Seth, autor de "Un buen partido", biografía a intensa vida dos seus tíos-avós Shanti e Henny Seth.

Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha

Mónica Bar Cendón. Xerais
Esta obra pretende mostrar o papel do feminismo galego na consolidación democrática e nos cambios sociais producidos durante a transición política.




Guía para padres con poco tiempo y mucho cariño

Luis Muiño. Juventud
Pedagógico libro con múltiples estratexias para afrontar as situacións diarias na educación de nenos pequenos de ata seis anos.

Guías visuales : Alaska, Alemania, Austria, Francia, España, Gran Bretaña, ...

El País Aguilar

Colección de guías moi completas para a hora de viaxar ou preparar unha viaxe. Conteñen moitas fotografías, ilustracións e mapas; así como información práctica.



Lo que vio el perro y otras aventuras

Malcolm Gladwell. Taurus

Os mellores reportaxes de Gladwell para a revista The New Yorker.



Mi madre

Richard Ford. Anagrama

Ford intenta reconstruír a biografía da súa nai, Edna Akin Ford.

EL mundo es así: la biografía autorizada del premio Nóbel V.S. Naipaul

Patrick French. Duomo


Biografía de V. S. Naipaul, Premio Nobel de literatura no ano 2001.



Un planeta de gordos y hambrientos. La industria alimentaria al desnudo.

Luis de Sebastián. Ariel

Medio mundo morre de fame e o outro medio ten o problema contrario. Sebastián investiga no mundo da industria alimentaria, as súas prácticas e a relación que ten co consumidor.



A Ribeira Sacra: guía práctica

Manuel Garrido Rivero. Xerais

Excursións, consellos, turismo rural, rutas, arte, historia, cultura e todo tipo de información práctica para mostrar ao visitante unha das comarcas máis fermosas do país.

Una sonrisa, por favor

Jean Rhys. Lumen

Jean Rhys, a autora de Ancho mar de argazo, recrea neste libro a súa intensa vida.



El universo en tres pasos.

David e Richard Garfinkle. Crítica

Un bo xeito de achegarnos á descuberta e comprensión do universo, a materia escura, e outros asuntos explicados con claridade e certa sinxeleza.


DVD

para mozas/os e adultas/os



Adiós a mi concubina

Kaige Chen, dir. Pride International Pictures
*Na China entre os anos 1924 e 1977
inscríbense as carreiras artística de Dieyi
e Xiaolou, dúas estrelas da ópera cuxas
vidas coinciden con momentos decisivos
para a historia do seu país. Película gañadora da Palma e Ouro de Cannes e do
Globo de Ouro.*



Arsénico por compasión

Frank Capra. Warner Bross.
Despois da súa voda a vida do protagonista complicase por mor da súa familia chea de loucura, boas e malas intención e a caridade mal entendida. Comedia onde a loucura crúzase e mestúrase dun xeito xenial. Un clásico no que non pararás de rir.

Bella

Alejandro González(director) con Tammy Blanchard e Eduardo Verástegui. Metanoia Films.

José traballa con Nina nun restaurante nos Estados Unidos. Ela ten problemas e atopará nel ao seu apoio.

Che el argentino

Steven Soderbergh, dir. Twentieth Century Fox.

Película baseada no diario do guerrilleiro e revolucionario Ernesto "Che" Guevara, premiada no festival de Cannes co galardón ao mellor actor.





Cómo cocinar tu vida

Doris Dörrie, cdir. Karma films
O maestro zen Edward Brown amosa, a través deste documental, que comer é algo máis que unha simple inxestión de alimentos, transformándose nunha experiencia na que interveñen actitudes cara un/ha mesmo/a e cara os/as demais. A sensualidade, a filosofía e a serenidade que ofrecen algúns alimentos son a clave das leccións que imparte este mestre para cultivar o espírito a través da cociña.



The Corporation

Jennifer Abbott, Mark Achbar, dir. ISAAN Entertainment
Documental premiado en festivais como Sundance ou Toronto sobre a natureza e o impacto das empresas multinacionais. Coa presenza de teóricos do libre mercado como Milton Friedman e críticos do mesmo como Naomi Klein, analiza o baleiro de poder das democracias actuais tras a entrega do mesmo ás corporación e os métodos de consolidación de poder das mesmas.

Desayuno con diamantes

Blake Edwards, dir. Paramount Home Entertainment
Comedia romántica baseada na novela de Truman Capote. Obra mestra cunha excelente banda sonora.

Diamante de sangre

Edward Zwick, dir. El País
Corre o ano 1999, en plena guerra civil en Sierra Leona, Danny, un contrabandista especializado na venta de pedras preciosas crúzase no camiño de Solomon, un nativo pescador que tras perder o rastro da súa familia enterrou unha enorme pedra de diamante traballando como escravo para os rebeldes.



Elegy

Isabel Coixet (directora) con Penélope Cruz e Ben Kingsley. Onpictures
Unha alumna entra na vida dun profesor causando que todo o seu mundo mude.



Gosford Park

Robert Altman, dir. Laurenfilm
Varios membros da aristocracia británica reúnense, acompañados dos seus respectivos criados e criadas, para gozar duns días de caza nunha mansión campestre en Inglaterra nos anos trinta do século pasado. Reparto coral e gran ambientación para amosar dous mundos aparentemente opostos, pero guiados por similares códigos de comportamento.



La gran seducción

Jean-François Pouliot, dir. Cameo Media
Ópera prima do director canadense e comedia coral de enredos na que todo se concatena para acadar que un médico da cidade decida quedarse a vivir nun pobo perdido de Canadá, antano mariñeiro e orgulloso pero onde, actualmente, todos os seus habitantes viven do subsidio de desemprego.

Padre de familia (serie de TV)

Seth McFarlane. Twentieth Century Fox
1ª tempada (4 discos) da serie de animación en torno á disfuncional familia dos Griffin. Tocando todas as fórmulas do humor, dende o absurdo ata o humor máis comercial e “visual”, explota todos os estereotipos presentados en series como “Los Simpson” para levalos máis aló no seu grado de transgresión e incorrección política.



Persépolis

Vincent Paronaud, dir. S.A.V.
Inspirada no cómic autobiográfico de Marjane Satrapi escrito en 1979, ano de triunfo da Revolución Islámica en Irán. A historia dunha moza que medra nun mundo que non entende e no que experimenta en primeira persoa o significado do prezo da liberdade e a diferenza entre integridade e integrista.

Prométeme

Emir Kusturica. DeAPlaneta.
Nunha remota aldea da montaña serbia vive Tsane co seu avó. Cando o vello parece estar morrendo faille prometer varias cousas ao seu neto, para cumprir a promesa Tsane debe ir a cidade.



Quemar después de leer

Joel e Ethan Coen, dir. Universal
Unha extravagante comedia de espías sobre asasinatos, chantaxes, adicións sexuais e ¡posta a punto física!. Protagonizada por George Clooney, Frances McDormand e Brad Pitt.

Los santos inocentes


El País

Reflexo da sociedade española a mediados do século XX na España rural. Cando se presiona moito ás persoas poden ocorrer cousas terribles.

Los Soprano (serie de TV)

David Chase, dir. Warner Bros.

Serie de televisión da produtora HBO ambientada no mundo da mafia de New Jersey. Gozou de gran éxito de crítica pola calidade dos seus guións, interpretacións e achegamento inusual a un mundo tantas veces mitificado e parodiado polo cine. A colección de dvd inclúe 6 tempadas completas.



La travesía del hombre: el árbol genealógico humano

Chad Cohen, dir. National Geographic Television

O xenetista Spencer Wells e o seu equipo do Proxecto Genographic describen a viaxe humana a través do tempo, dende os nosos orixes no corazón de África ata o último confín do mundo. Todos os seres humanos que hoxe habitan no noso planeta descenden directamente destes primeiros poboadores, formando unha gran familia.

El último tren

Diego Arsuaga, dir. Manga Films

Unha viaxe iniciática e varias viaxes finais, todas co obxectivo da esperanza, da utopía, fúndense nunha historia sobre as cousas que son patrimonio do home, sobre as cousas non se poden vender.





Valkiria

Bryan Singer, dir. S.A.V.


Recreación do intento de asasinato de Adolf Hitler en 1944. Tom Cruise interpreta ao coronel Claus Von Stauffenberg, cerebro da célebre Operación Valkiria que pretendía derrocar o III Reich e pactar a paz cos exércitos aliados.



Viaje a los límites del universo

Yabar Abbas, dir. National Geographic Television

Recreación visual dunha primeira viaxe ao espazo infinito, propoñendo unha visión única dos mundos que existen máis aló. Visitaremos buracos negros, hipernovas e estrelas de neutróns, chegando ata os confíns do espazo, o lugar primixenio dos cuásares, antes de achegarmos aos momentos iniciais do Big Bang.



Zorba el griego

Michael Cacoyannis, dir. Twentieth Century Fox

A viaxe e transformación dun escritor británico que parte a Creta en busca de fortuna e onde entaboa amizade con Zorba, un primitivo e aloucado cretense cunha cálida e extravertida visión da vida. Baseada na novela de Nikos Kazantzakis e protagonizada por un inmortal Anthony Quinn.

CD audio para mozas/os e adultas/os



Abbey Road

The Beatles. EMI Records


Álbum e punto final a unha carreira pioneira e revolucionaria. Álbum que preludia unha nova década musical e remata co soño dos anos 60, o resto é historia. Nova gravación remasterizada que inclúe un mini documental, fotos inéditas e libreto especial.



Ao Vivo

Luar na Lubre. Warner Music

Gravación en vivo do concerto feito no Teatro Colón de A Coruña.



Aquática H2O

Ok records

Música tranquila para relaxarse e aproveitar os momentos de descanso.

Birth of the cool

Miles Davis. Capitol Records

Son cálido e innovador, desprovisto dos corsés do Bebop máis canónico. A banda xira en torno a Miles, que propón novas texturas e timbres inspirados polos arranxos de Gil Evans. Os tempos ralentízanse, gaña a expresividade e xurde unha nova idea: o “cool” jazz.



Blue train

John Coltrane. Capitol Records
De todos os seus álbumes, John Coltrane citou este como o seu favorito. Estamos ante unha gravación esencial enmarcada inda no estilo Hard Bop. Coltrane dirixe con dinamismo á banda, elixida persoalmente por vez primeira na súa carreira, establecéndose como unha das primeiras voces do saxo tenor na década dos cincuenta.



Calle ilusión

Alex Ubago. Warner Music Spain
O cuarto álbum do cantautor donostiarra foi gravado en Buenos Aires. Cunha voz relaxada e ton máis melódico e positivo, Álex presenta unha colección de temas propios inspirados nas súas fontes particulares, a cotidianeidade, o desamor, contando coa novidade da colaboracións nun tema con Andrés Calamaro.

Cántico espiritual

Amancio Prada. Hispavox
En 1977, Amancio Prada puxo música e delicadeza ao místico "Cántico espiritual" de San Juan de la Cruz, coa súa voz acompañada unicamente de guitarra, violín e violonchelo. Esta obra ten merecido varias reedicións e o acordo unánime da crítica.

Catch a fire

Bob Marley and the Wailers. Universal-Island Records

Ata o lanzamento deste disco, o reggae era un estilo musical principalmente xamaicano e considerado internacionalmente como unha rareza. Catch a Fire foi o acontecemento que amosou a verdadeira novidade do reggae dun xeito tal que oídos internacionais puideran apreciála.



Catching tales

Jamie Cullum. Universal

Este excepcional e xoven músico británico aborda neste seu cuarto álbum unha ampla colleita de clásicos de pop, bossa nova, swing e R&B. Versións con gusto e interpretadas con gran versatilidade. Jamie Cullum revélase como unha das mentes máis alegremente abertas do jazz contemporáneo.

Day & age

The Killers. Island Def Jam Music Group

Un dos álbumes máis completos e exitosos da década que remata. Xa no seus anteriores discos o grupo de Las Vegas deixaba claras influencias de sons new wave dos anos oitenta, profundizando nesta ocasión en maiores cotas de romanticismo lírico e sonoro, cunha produción que enfatiza sons máis sintéticos de sabor "dance".





Entre dous mares

Rosa Cedrón. Warner Music Spain
Primeiro disco en solitario da antiga voz e cello de Luar na Lubre que conta coa colaboración no apartado lírico de Yolanda Castaño e Alba Felpete. Un disco no que fuxe das etiquetas e proclama, dende cancións como “Se nos deixan”, á liberdade artística que lle permite “facer o que unha sinte”.



Gloria

Antonio Vivaldi, Georg F. Händel. English Baroque Soloists, Monteverdi Choir. John Eliot Gardiner, dir. Philips
A Gloria RV589 é a peza sacra máis popular de Vivaldi. Pola súa parte, O Gloria para soprano e cordas de Händel é unha obra virtuosa, expresiva e chea de efectos que foi composta aos 21 anos de idade, antes da súa partida a Italia.

Limón y sal

Julieta Venegas. Sony BMG Music Entertainment
Disco gravado en Bos Aires coa produción de Cachorro López. Julieta Venegas preséntanos 13 temas propios e unha homenaxe a Andrés Calamaro coa canción “Sin documentos”.

Mi cante y un poema

Estrella Morente. Virgin

Filla de Enrique Morente e a bailaora Aurora Carbonell, neste primeiro álbum - dedicado ao seu avó - acomete unha auténtica antoloxía flamenca, amosando un inusual clasicismo para unha intérprete da nova xeración.

Colaboracións de luxo como Manolo Sanlúcar e Pepe Habichuela.



Miro Casabella e a nova canción galega (libro + 1 CD)

Xan Fraga. Galaxia

Edición especial para este libro. O cd recolle unha recopilación das cancións máis representativas deste compositor e cantante vencellado ao movemento da Nova Canción Galega e á historia contemporánea de Galicia.



Missa solemnis

Ludwig Van Beethoven. Concertgebou-
workest Amsterdam. Leonard Bernstein,
dir. Deutsche Grammophon

Amplamente recoñecida como o pináculo da súa obra musical, foi comezada cando o grao de xordeira do compositor era case total. Trátase dunha das súas obras con maior urxencia, onde a música deixa de ser absoluta e convértese nun vehículo para que o compositor exprese a súa dor no mundo e a contraposición coa idea de Deus como amor perfecto.



Passione

V.V.A.A. Sony Music

Grandes voces líricas interpretan o mellor da ópera e o pop.

Shine a light

Rolling Stones e Martin Scorsese. Polydor

Banda sonora da película de Scorsese gravou durante unha xira dos Rolling. Imprescindible para os seguidores do grupo.



Sin frenos

La Quinta Estación. Sony Music Entertainment Mexico

Dúo español emigrado artisticamente a México, gañador de premios como o Grammy latino e Billboard que presenta unha fórmula híbrida entre o pop-rock máis contaxioso e os sons populares mexicanos. Atención especial á poderosa voz de Natalia Jiménez. Conta coas colaboracións de Marc Anthony.



Tropicália

V.V.A.A. Soul Jazz Records

O Tropicalismo foi un dos movementos integrais artísticos xurdidos no Brasil no século XX que pretendía a simbiose e integración de elementos populares e tradicionais coas vangardas musicais e culturais "beat" anglosaxonas. Gilberto Gil, Caetano Veloso, Os Mutantes, Tom Zé, son algúns dos sobranceiros representantes deste xénero seminal que mudou para sempre a música brasileira.



Working on a dream

Bruce Springsteen. Sony Music

O "Boss" obtivo con este traballo o Premio Grammy á mellor interpretación vocal rock solista no 2010.





Concello de Oleiros

ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA

www.oleiros.org



Bibliotecas Públicas
Municipais

**CATÁLOGO DO FONDO
BIBLIOGRÁFICO ▼**

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:
bibliotecasoleiros.blogspot.com